

## ANEXO I

### Nivel deportivo mínimo e criterios de selección en competicións interuniversitarias 2026

#### TAEKWONDO

1. Nivel deportivo mínimo esixido segundo cada competición:

- **Campionato Galego Universitario ou Galaico - Duriense:**

- Estar en posesión do cinto azul.

- **Campionato de España Universitario:**

- Estar en posesión do grao de cinto vermello e cumprir, polo menos, unha das seguintes condicións:
  - Ser medallista no Campionato de España absoluto, Sub-21 ou júnior de Taekwondo nas dúas últimas edicións celebradas.
  - Ser medallista no Campionato de España Universitario de Taekwondo nas dúas últimas edicións celebradas.
  - Ser medallista no Campionato Autonómico absoluto, Sub-21 ou júnior de Taekwondo na última edición celebrada.
- Se non cumprise ningún dos criterios anteriores o/a asesor técnico podería ter en conta os resultados en competicións nacionais e internacionais acadados polo/a aspirante nas últimas tempadas e a súa traxectoria deportiva xeral.

2.- O equipo representativo da Universidade de Vigo estará integrado, na modalidade de Combate, por un alumno e unha alumna por cada un dos pesos que inclúa o programa de competición. Cando o/a deportista seleccionado/a fose o/a medallista de ouro do CEU da edición anterior, excepcionalmente poderá engadirse nesa categoría e peso un/unha segundo/a deportista, sempre que cumpra os requisitos do punto 1 e que o permita o regulamento técnico da competición.

No caso de presentarse varias persoas deportistas do mesmo peso seleccionárase a persoa que gañe as probas de preselección.

Na modalidade de Poomsaes o equipo representativo estará integrado por un home e unha muller, esta cifra poderá ser incrementada, baixo criterio técnico, se o regulamento técnico da competición o permitira e se seleccionará á persoa deportista gañadora das probas de preselección.

No caso de que unha persoa deportista acadara a medalla de ouro nalgún dos dous últimos CEUs celebrados, ou fose medalla nunha competición internacional universitaria, e perdese a proba de preselección, valorarase polo/a asesor/a darlle a posibilidade de participar.

### 3.- Exclusiones:

Resérvase o dereito de excluír do equipo a aquelas persoas deportistas que, aínda reunindo os méritos precisos presenten algunha das seguintes circunstancias:

- Non acudir ás concentracións ás que se lles convoque, sen causa xustificada e coa antelación precisa.
- Non dar o peso requerido nalgunha das concentracións ou adestramentos.
- Presentar un estado manifesto de mala forma que indique falta de adestramento.

### 4.- Para facer a selección valoraranse os seguintes aspectos:

- Resultados obtidos no Campionato Galego Universitario e/ou nas probas de preselección, no caso de que se convoquen.
- Resultados obtidos en competicións oficiais ao longo da tempada en curso.
- Valoración do/a responsable técnico/a.